

# BANDO

**DON FERNANDO SUÁREZ BARCIA,  
ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO.  
CONCELLO DE RIBADEO,**

## FAI SABER

Por comunicación da empresa concesionaria do servizo de auga de Ribadeo, VIAQUA, comunícase como medida precautoria a recomendación de **non utilizar a auga para o consumo humano ou uso alimentario** nas parroquias de **Covelas, Arante e Cedofeita** ata novo aviso, debido a que as análises que se levan a cabo no encoro de Lexoso reflectiron unha turbidez de 7 NTU cando o valor límite está en 5, así como incumprimentos nos parámetros organolépticos (os perceptibles polos sentidos como cor, olor, etc.), límites establecidos no Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano. Estas incidencias proceden das augas do río Grande que chegan ata o punto de captación de Lexoso, non podendo garantir deste xeito que a auga sexa apta para o consumo.

No caso dos restantes puntos de consumo do Concello de Ribadeo a auga non presenta esta problemática ó non estarse captando dende Lexoso, se non dende o río Eo, a través da ETAP de Vilarbetote (Trabada).

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ribadeo, 26 de febreiro de 2015.  
O ALCALDE,

Asdo./ FERNANDO SUÁREZ BARCIA.